



## ANUNCIO

**Asunto:** Publicación da lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura dun/ha técnico/a de xestión xurídico/a, como funcionario/a interino/a por programa, pertencente ao cadro de persoal de funcionarios, encadrada na escala de Administración Especial, subescala Técnica, grupo A, subgrupo A2, nivel 26, mediante concurso-oposición (BOP núm. 93, do 18.05.2023 e núm. 97, do 24.05.2023)

**Expediente:** 2023/E001/000001

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 12.06.2023, acordou a aprobación da lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura dun/ha técnico/a de xestión xurídico/a, como funcionario/a interino/a por programa, pertencente ao cadro de persoal de funcionarios, encadrada na escala de Administración Especial, subescala Técnica, grupo A, subgrupo A2, nivel 26, mediante concurso-oposición (BOP núm. 93, do 18.05.2023 e núm. 97, do 24.05.2023), segundo se transcribe a continuación:

“O 08.05.2023 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura dun/ha técnico/a de xestión xurídico/a, como funcionario/a interino/a por programa, pertencente ao cadro de persoal de funcionarios, encadrada na escala de Administración Especial, subescala Técnica, grupo A, subgrupo A2, nivel 26, mediante concurso-oposición. (BOP núm. 93, do 18.05.2023 e núm. 97, do 24.05.2023).

As bases reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 93, do 18.05.2023) e corrixidas (BOP núm. 97, do 24.05.2023). Estes anuncios supuxeron o inicio e ampliación do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o 07.06.2023, incluído.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base sexta das Bases reguladoras do proceso de selección, comprobadas as solicitudes de participación presentadas e de conformidade coa normativa vixente, propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes admitidas que se relaciona a continuación:

Núm.	Apelidos e nome	DNI	Observacións
1	SÁNCHEZ MUÑOZ, FRANCISCO JAVIER	***4125**	Admitido

Segundo. Aprobar a lista provisional de persoas aspirantes excluídas que se relaciona a continuación:

Núm.	Apelidos e nome	DNI	Observacións
1	AMOEDO LUSQUIÑOS, EUGENIA	***4032**	Exclusión provisional * Non achega a solicitude segundo o Anexo I. * Non achega cuberta a autobaremación dos méritos alegados na solicitude segundo o Anexo I.



Núm.	Apelidos e nome	DNI	Observacións
2	OTERO ABAD, XIANA	***8369**	Exclusión provisional * Achega a solicitude segundo o Anexo I pero é incompleta e/ou inexacta. * Non achega cuberta a autobaremación dos méritos alegados na solicitude segundo o Anexo I.

Terceiro. Outorgarlles ás persoas aspirantes un prazo de dez (10) días hábiles (contados a partir do seguinte ao da súa publicación) para que poidan emendar a documentación presentada, de acordo coa base sexta das Bases reguladoras do proceso de selección e co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.1985).

Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión provisional xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Cuarto. Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais, de acordo coa base sétima das Bases reguladoras do proceso de selección."

Neda, asinado dixitalmente polo alcalde Ángel Alvaríño Saavedra.